

CAMPAMENTOS DO CONCELLO DA CORUÑA 2022

Tempo de verán e falar inglés

Campamentos Summer Talk

É tempo de diversión,
é tempo de conciliar.



**Aberta a preinscrición
do 23 ao 25 de maio.**

**Máis información en
www.coruna.gal/campamentos2022**



CAMPAMENTOS DO CONCELLO DA CORUÑA 2021

INFORMACIÓN SUMMER TALK

A Federación Provincial de ANPAS, xunto coa Concellería de Educación, organizan o campamento de inglés Summer Talk, un programa de actividades para a mellora da expresión e comprensión oral da lingua inglesa. As actividades realizaranse a través de propostas lúdicas de carácter multidisciplinar, combinando aulas, recintos ao cuberto e ao aire libre.

Os contidos definiranse atendendo tanto aos correspondentes ao nivel educativo do alumnado como aos demandados na parte oral dos principais exames de nivel Starters, Movers, B1 y B2. Usaranse diferentes ferramentas tendo en conta as idades dos participantes e os seus intereses: música, teatro, cine, deporte, literatura, audiovisuais..., empregando tanto medios materiais como dixitais.

PERSOAS DESTINATARIAS

Escolares matriculadas/os nos cursos 4º a 6º de Primaria e 1º a 4º da ESO en centros públicos do Concello da Coruña no actual curso 21/22.

Estarán divididas/os en tres niveis:

4º, 5º e 6º de Primaria.

1º e 2º da ESO.

3º e 4º da ESO.

*Poderán participar menores con diversidade funcional.

CALENDARIO

Preinscrición: 23, 24 e 25 de maio na web www.fedapascoruna.org/inscripciones.

Listaxe de admitidos: 1 de xuño. (Publicarase na web municipal, no 010 e na web www.fedapascoruna.org).

Inscrición e abono: 8, 9 e 10 de xuño.

Xestión da listaxe de agarda: do 16 ao 21 de xuño.

QUENDAS

1ª Quenda: do 27 de xuño ao 6 de xullo.

2ª Quenda: do 4 de xullo ao 7 de xullo.

3ª Quenda: do 11 de xullo ao 15 de xullo.

4ª Quenda: do 18 de xullo ao 22 de xullo.

5ª Quenda: do 26 de xullo ao 29 de xullo.

HORARIO

De luns a venres de 10:00 a 14:00 h.

*Os días festivos non haberá campamento.

ESPazos DE REALIZACIÓN

4ª a 6ª de Primaria:

CEIP María Barbeito.

CEIP San Francisco Xabier.

ESO: IES Menéndez Pidal.

Nº PRAZAS

300

COTAS DE INSCRICIÓN E SERVIZOS

20 € por escolar e quenda (*)

SEGURO DE ACCIDENTES 4 € (**)

*Están exentos de cotas os escolares que cumpran os requisitos de participación e fosen beneficiarios de beca comedor neste curso 2021/22.

t**Estarán exentos do pago do seguro de accidentes aqueles solicitantes matriculados en calquera programa ofertado pola Federación de ANPAS no curso 2021/22 (“Cóxegas”, “Deporte no Centro”, “Arte e Cultura no Centro”, “English Lab” ou “On Parle”).

A cota aboarase mediante transferencia á conta da Federación Provincial de Anpas: ES37 2100 6359 5802 0006 1816 e enviarase o seu comprobante por mail a summer@fedapascoruna.org, indicando expresamente no “concepto” o nome do participante e a quenda admitidos.

INFORMACIÓN RELATIVA Á SITUACIÓN DA COVID-19

En relación á celebración de actividades de lecer educativo xuvenil, o Concello da Coruña seguirá en todo momento as directrices marcadas polo Ministerio de Sanidade e Benestar Social e OUTRAS autoridades competentes en materia sanitaria en función da evolución xeral eterritorial da Covid-19. Para este fin poderá implementar estratexias e protocolos de actuación, así como condicións específicas de participación, nas devanditas actividades de lecer xuvenil. En todo caso, non é obrigatorio o uso de mascarilla, pero si recomendable en interiores.

ACEPTACIÓN DE CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN, OBRIGACIÓN DE INFORMACIÓN E CONSENTIMENTO INFORMADO

As persoas participantes deben comprometerse co cumprimento dunha serie de requisitos esenciais de carácter sanitario e legal a través dun documento de aceptación de condicións de participación, obrigación de información e consentimento informado. Este documento terá que asinarse e ser entregado antes do inicio do campamento pola nai, pai ou responsable legal do/a menor.

+ INFORMACIÓN E INSCRIPCIÓN EN:

WWW.FEDAPASCORUNA.ORG

[NA.WEB: CORUNA.GAL/CAMPAMENTOS2022](http://NA.WEB:CORUNA.GAL/CAMPAMENTOS2022)

E NOS TFNOS:

[981 202 002](tel:981202002) / [649 055 939](tel:649055939) / [698 158 503](tel:698158503)